



Ao longo do curso realízanse diferentes visitas de estudo



EFA Fonteboa, formación para os futuros profesionais do sector

Tras máis de corenta anos dedicados á formación agraria, o Centro de Promoción Rural-EFA Fonteboa adapta cada ano os seus programas educativos ás innovacións e ás demandas que a evolución do sector agropecuario vai esixindo. O seu director, Luis García Fernández, contáanos os principais obxectivos do centro, a metodoloxía de traballo e a oferta formativa actual.

Hoxe en día a formación que precisan os traballadores actuais do rural, e especialmente os do futuro, vai máis alá da mera capacitación profesional para a actividade agraria. A formación actual dos profesionais do sector esixe unha importante compoñente empresarial e unha mentalidade aberta para comprender e actuar con eficiencia nun contexto globalizado e nunhas explotacións agrarias que demandan novas competencias e servizos especializados.

Luis García Fernández, director do Centro de Promoción Rural-EFA Fonteboa, cunha longa traxectoria profesional dedicada á formación, destaca o valor estratéxico da formación profesional para a dinamización dos territorios rurais.

HISTORIA DO CENTRO

EFA Fonteboa funciona desde 1975, data na que se empezou a impartir Formación Profesional Agraria de 1º grao na especialidade de Explotacións Agropecuarias. Anos máis tarde ampliouse a FP-2 na especialidade de Administración e Xestión de Empresas Agrarias e, a partir de 2002, coa nova lexislación educativa implantáronse os Ciclos Formativos de Grao Medio e de Grao Superior, ademais da Educación Secundaria Obrigatoria.

Desde o seu inicio a novidade máis importante de EFA Fonteboa foi a súa metodoloxía educativa: a Alternancia. O seu director, Luis García, explica que “como nas *Maisons Familiales* en Francia (máis de 400 centros), isto consiste nunha formación dual, na que se combina a realización de períodos de formación na escola con outros no medio profesional. Non hai finca de prácticas na escola, os mozos en formación practican nas propias explotacións ou noutras entidades coas que se establecen acordos de colaboración”.

PRINCIPAIS OBXECTIVOS

Como Centro de Promoción Rural, o seu obxectivo principal é, ao igual que outros centros integrados na AIMFR (Asociación Internacional de Movementos Familiares de Formación Rural), a promoción do medio rural a través da formación das persoas.

Neste marco teñen cabida diferentes formacións e niveis, todos eles orientados á inserción profesional no medio rural. Luis García subliña que “non se trata de capacitar para que emigren, senón para que emprendan no propio territorio, poñendo en valor as potencialidades do mesmo: especialización e diversificación agraria, transformación agroalimentaria, servizos asociados ás producións etc.”.

Por outra banda, o termo EFA fai referencia á súa orixe (Escola Familiar Agraria), dada a súa pequena dimensión, a importancia da familia na formación integral dos alumnos e a especialización agraria da formación, e ademais, segundo destaca o seu director: “Hoxe ese termo responde a unha metodoloxía educativa concreta, a Alternancia, con todo o que iso implica”.



Os alumnos, nun dos cursos monográficos de especialización



► O SISTEMA DE FORMACIÓN EN ALTERNANCIA É INNOVADOR, INTEGRADOR E ESIXENTE PARA TODOS OS AXENTES IMPLICADOS: ALUMNOS, PROFESORES, EMPRESAS E PAIS DE ALUMNOS

OS AXENTES DA ALTERNANCIA EDUCATIVA

A aplicación da Alternancia Educativa en Formación Profesional supón un cambio radical de perspectiva respecto ao sistema educativo convencional. Hai unha serie de elementos claves nesta metodoloxía: os profesores, os profesionais, a familia, e, por suposto, o alumno.

A función do profesor non é transmitir coñecementos senón ensinar a aprender e propiciar situacións de aprendizaxe: períodos de práctica profesional, visitas técnicas, participación de expertos, impartición dos programas das diferentes materias etc.

O responsable da Alternancia, como profesional e en coordinación co centro, acolle o alumno na súa empresa durante un período determinado para a adquisición de capacidades, habilidades e destrezas, así como para a mellora en actitudes, en coñecemento do medio profesional e en madurez persoal.

Os pais dos alumnos, ademais de exercer a súa ineludible función educativa, nun sistema de Formación en Alternancia poden inducir e facilitar as aplicacións prácticas na propia explotación, ao mesmo tempo que realizan orientación profesional.

En definitiva, o sistema de formación en Alternancia é innovador, integrador e esixente para todos os axentes implicados: alumnos, profesores, empresas e pais de alumnos. Da resposta e compromiso de cada parte dependen a eficiencia do sistema e os resultados.

A OFERTA FORMATIVA DE FONTEBOA

En ensinanza regrada imparten Educación Secundaria Obrigatoria e Formación Profesional (CFGM Producción Agropecuaria, CFGS Gandería e Asistente en Sanidade Animal e CFGS de Paisaxismo e Medio Rural) e tamén o CFGS de Xestión Forestal na modalidade semipresencial.

En Grao Medio dotan o alumno dunha cualificación básica nas producións agropecuarias. En Grao Superior, a formación xa é máis cualificada e especializada. Sen embargo, tal e como apunta o director do centro: “A utilidade da formación non depende da formación en si mesma, senón do empeño que poña cada un e no proxecto profesional. Tanto en Grao Medio como en Grao Superior preténdese garantir a inserción profesional, ben como asalariado ou ben como titular dunha empresa”.

A evolución do sector agrario e os novos escenarios da economía rural abren posibilidades de emprego en diferentes ámbitos. As granxas de leite, cada vez máis grandes e tecnificadas, demandan persoal cualificado; hai campo para a diversificación de producións e o espazo forestal segue infravalorado e infrautilizado. Luis García asegura que “pretendemos que as persoas en formación descubran e analicen todas as posibilidades. Partimos dun principio: non son os estudos os que teñen saída, son as persoas. Cada alumno é responsable do seu futuro, a formación do centro e o artellamento da mesma axuda a definir e orientar adecuadamente a saída profesional”.

PROGRAMAS DE FORMACIÓN COMPLEMENTARIOS

Os programas de ensinanza regrada son o elemento estruturante da formación, pero a estes asóciáanse outros de formación continua que veñen a completalos, complementalos e dar resposta ás demandas e necesidades de cualificación e actualización profesional das persoas do territorio. Ademais, organizan xornadas, viaxes técnicas, cursos específicos... xestionados polo propio centro ou en colaboración con outras entidades.

A maiores, nos cursos de Formación Profesional os alumnos teñen a posibilidade de realizar estadias profesionais no estranxeiro (Francia e Irlanda) para descubrir e analizar outras realidades profesionais. Nos últimos anos, estas actividades integráronse nos programas Erasmus + e tamén hai outras posibilidades de mobilidade, como o programa Galeuropa, para os alumnos que rematan a formación.

NOVIDADES PARA O CURSO 2018-2019

Pola concepción do sistema de Formación en Alternancia o centro trata sempre de acoller novidades: novos acordos de colaboración escola-empresa, novos cursos monográficos etc.

No curso 2018-2019 impartirase o CFGS de Paisaxismo e Medio Rural asociado ao de Xestión Forestal. Nestes CFGS, á parte dos programas establecidos, haberá contidos sobre agricultura de precisión, pilotaxe de drons etc., na liña das innovacións tecnolóxicas que demanda o propio sector agrario. ■